

**RESOLUCIÓN** pola que se aproban, dentro das dispoñibilidades orzamentarias globais establecidas na convocatoria da medida Leader de Galicia para as anualidades 2017 e 2018, os importes máximos dispoñibles para o GDR 24 Grupo de Desenvolvemento Rural Seitura 22, dentro das distintas tipoloxías de proxectos subvencionables ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local) do PDR de Galicia 2014-2020

#### **Fundamentación xurídica.-**

Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) e o GDR 24 Grupo de Desenvolvemento Rural Seitura 22, asinado o 13 de decembro de 2016, para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida LEADER de Galicia, cofinanciado co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020

-Acordo do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas ao abeiro da medida 19 (LEADER), cofinanciadas con FEADER no marco do programa do PDR de Galicia 2014-2020, publicadas no DOG o 18 de xaneiro de 2017 (DOG. Num. 12).

O artigo 16 das bases reguladoras, establece que corresponde aos GDR solicitar, dentro das dispoñibilidades orzamentarias que estableza a convocatoria, a aprobación a Agader do importe máximo dispoñible para cada unha das tipoloxías de proxectos subvencionables ao abeiro da submedida 19.2. Estas tipoloxías de proxectos subvencionables son as seguintes:

- Proxectos produtivos.
- Proxectos non produtivos promovidos por entidades públicas locais.
- Proxectos non produtivos promovidos por entidades de carácter privado.
- Proxectos de formación promovidos polo propio GDR.

- Resolución do 30 de decembro de 2016 do director xeral da Agader pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida LEADER do programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2017 e 2018, cofinanciadas co Fondo Europeo agrícola de Desenvolvemento Rural.



**Feitos.-**

- A convocatoria establece que o GDR 24 Grupo de Desenvolvemento Rural Seitura 22 ten o seguinte importe global máximo dispoñible para proxectos dentro da submedida 19.2:

ANO	IMPORTE
2017	563.337,66
2018	304.088,46
<b>TOTAL</b>	<b>867.426,12</b>

-O 02 de marzo de 2017, co nº de rexistro 516 ten entrada no rexistro xeral de Agader a solicitude do GDR 24 Grupo de Desenvolvemento Rural Seitura 22 de distribución dos importes máximos dispoñibles para cada tipoloxía de proxectos.

Tendo en conta o sinalado, **RESOLVO** aprobar o seguinte cadro de distribución

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA					
		2.017	%	2.018	%	TOTAL	%
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á extratexia de desenvolvemento local participativo	Productivos	366.169,48	65,00	197.657,50	65,00	563.826,98	65,00
	Non productivos (entidades públicas locais)	134.553,20	23,88	72.631,53	23,89	207.184,73	23,89
	Non Productivos (institucións de carácter privado)	57.685,78	10,24	31.138,66	10,24	88.824,44	10,24
	Formación	4.929,20	,87	2.660,77	,87	7.589,97	,87
	<b>TOTAL</b>		<b>563.337,66</b>		<b>304.088,46</b>		<b>867.426,12</b>

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Conselle de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Tamén poderá interperse calquera outro recurso que se estime oportuno.

O director xeral de Agader

(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

Miguel Ángel Pérez Dubois.

